

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 11 DE MARZO DE 2013.

En Sada, a 11 de marzo de 2013 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na Sala de Conferencias da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Concello de Sada.

Asistentes:

- o D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- o D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- o D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. José Luis Fernández Mouriño, Alcalde do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- o Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne, actuando de secretario o representante do Concello de Oleiros, Rodrigo López Piquín.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior (14 de novembro de 2012).

A representante da Asociación Roxin Roxal, quere que se incorporen á acta da sesión anterior os seguintes aspectos:

- Solicita que se envíe toda a documentación relativa á Xunta Directiva coa maior antelación posible ás celebracións das mesmas.
- Propón que se editen as conclusións do Congreso de Desenvolvemento Rural e LEADER – Horizonte 2014-2020- e que se envíen as conclusións aos membros da Xunta Directiva. Se acorda subilas á páxina web da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia e a da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- En relación aos traballos desenvolvidos polas dúas alumnas en prácticas, e a vindeiros traballos, que se desenvolvan en lingua galega.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER:

2.1.1.- CULTIVO E PROCESADO DE STEVIA EN ARANGA (L13-41100-29-0216)

Con data 29 de xaneiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “ CULTIVO E PROCESADO DE STEVIA EN ARANGA”.

O entidade promotora do proxecto, ARTEXANAMONDI S.L., vai levar a cabo este proxecto na parroquia de Muniferral, Concello de Aranga.

Este proxecto produtivo consiste no cultivo e procesado de Stevia en Aranga. A Stevia é un pequeno arbusto herbáceo de onde se obtén un edulcorante natural, ademais utilízase como planta medicinal.

Investimentos do proxecto: adquisición da planta, equipamento necesario para o cultivo de Stevia, adaptación do local, dous ordenadores, un programa de contabilidade, custo do proxecto e gastos xerais (licencias e elaboración do estudo de mercado para a comercialización do produto).

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación dun emprego (un emprego autónomo, muller). Ten cabida na medida 411 (Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de incorporación de novas producións.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 14.925,20.- € (12.334,88.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 87 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (5.550,70.-€) sobre un orzamento elixible de 12.334,88 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2.- AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN CARRAL (L13-41100-29-0218)

Con data 11 de febreiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN CARRAL”.

O promotor do proxecto, Andrés Seoane Villaverde é propietario dun serradoiro en Carral. Con este proxecto quere potenciar o serradoiro levando a cabo a recollida da madeira e posterior traslado ao serradoiro con medios propios e prescindir da contratación externa. Tamén quere construír un pequeno alpendre para o almacenaxe da madeira.

Investimentos do proxecto: adquisición do camiión e construción do alpendre.

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de transformación e comercialización de produtos forestais

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 15.000.- € (12.396,69.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 57 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 38,5% (4.772,73.-€) sobre un orzamento elixible de 12.396,69 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3.- IMPLANTACIÓN DE ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NA EXPLOTACIÓN GANDEIRA EN ARTEIXO (L13-41100-29-0220)

Con data 27 de febreiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “IMPLANTACIÓN DE ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NA EXPLOTACIÓN GANDEIRA EN ARTEIXO”

O promotor do proxecto, Manuel Lista Mato é propietario dunha explotación gandeira de vacún en Monteagudo, Arteixo. Adícase a produción de leite.

Con este proxecto quere levar a cabo varias actuacións que van contribuír ao aforro enerxético das explotación e polo tanto a unha redución dos custos de produción.

Pretende sementar millo para poder ser máis autosuficientes na alimentación do gando reducindo a dependencia externa dos pensos. Quere reducir o consumo enerxético actual da explotación coa instalación de placas solares para o suministro enerxético das cuadras e instalación de variadores de velocidade para a redución do consumo eléctrico actual. Ademais vai construír unha balsa para canalizar as augas dunha fonte para ser utilizada para o rego dos prados e a granxa.

Investimentos do proxecto: equipo para sementar o millo (cuba fitosanitaria, fresadora e sementadora), placas solares, variadores de velocidade para a redución do consumo enerxético e construción da balsa para almacenaxe e canalización da auga.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal- Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de mellora da eficiencia enerxética das explotacións

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 243.819.- € (201.503,31.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,5% (75.563,74.-€) sobre un orzamento elixible de 201.503,31 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.2. PECHE EXPEDIENTE DO PROGRAMA LEADER.

Con data 19 de outubro de 2011, María José Lires Blanco, solicitou axuda do Programa Leader para a ampliación dunha explotación agraria en Cesuras. Con data 14 de febreiro de 2013, a promotora presenta o desistimento da axuda solicitada.

A Xunta Directiva autoriza o arquivo do expediente, e que se envíe a AGADER a notificación..

2.3. INFORME PROXECTOS CERTIFICADOS ANO 2012

Os fondos previstos para executar no ano 2012 ao abeiro do Programa LEADER eran 629.441€, dos que se consumiron 600.775,39€, quedando sobrantes 28.665,61€.

Foron executados total ou parcialmente 16 proxectos, dos que **13** foron certificacións finais:

Proxecto	Concello	Fondos executados
Explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira	Abegondo	54.306,48€
Creación punto de venda na explotación	Oza dos Ríos	9.750 €
Investimentos no sector agrario coa posta en marcha de novas producións	Abegondo	39.686,05€
Melloras en fábrica de pensos compostos para animais	Paderne	40.088,75€
Ampliación de empresa de servizos forestais en Tabeaio	Carral	41.875€
Rexeneración e protección da Fraga do Vinte	Oza dos Ríos	13.218,10€
Creación empresa xestión turística e servizos de ocio	Culleredo	4.726,12€
Ampliación para a mellora da xestión dun almacén de pinturas	Cambre	24.880,48€
Ampliación e modernización empresa servizos do sector forestal na Comarca	Oleiros	3.760,45€
Modernización camping Aguiar	Bergondo	1.071,81€
Modernización fábrica de madeiras	Aranga	108.100€
Ampliación campo de golf en Larín	Arteixo	65.260€
Implantación plataforma de comunicación en distribuidora de alimentación	Sada	9.460,26€
Ampliación empresa dedicada ao comercio por maior	Aranga	8.683,31€
Creación carpintería en Cañás	Carral	6.071,38€
Fabricación de cadros eléctricos especiais para subministro enerxético	Coirós	93.151,04€
Nova escola infantil na Lagoa.	Oleiros	17.204,74€
Ampliación refuxio de animais	Coirós	59.481,42€

2.4 SOLICITUDE DE PRÓRROGA PROXECTOS PROGRAMA LEADER.

2.4.1 SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO EXPEDIENTE “L10-41300-29-0054 AMPLIACIÓN EMPRESA DEDICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR”

Con data 29 de xaneiro de 2013, a entidade promotora “YAÑEZ FERRETERÍA E MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN S.L.” solicita unha prórroga para a xustificación final do expediente ata o 31 de xullo de 2013 motivada pola demora no remate da obra civil que dificulta a instalación do mobiliario e do equipamento.

Tendo en conta o réxime de axudas do programa Leader o beneficiario da axuda poderá solicitar a Agader unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación.

A Xunta Directiva autoriza a concesión da prórroga ata o 31 de xullo de 2013, acordando que se comunique esta prórroga á AGADER.

2.4.2 POSIBLE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO EXPEDIENTE “L10-41300-29-0046 AMPLIACIÓN DE CAMPO DE GOLF EN LARÍN, ARTEIXO”

O 20 de marzo de 2013 remata o prazo para que a entidade promotora “HERCULES CLUB DE GOLF S.A” xustifique a certificación final do expediente “L10-41300-29-0046 AMPLIACIÓN DE CAMPO DE GOL EN LARÍN, ARTEIXO”

A entidade promotora ten trasladado o interese en solicitar unha prórroga.

A Xunta Directiva autoriza a concesión da mesma ata 01 de xullo de 2013, acordando que se comunique esta prórroga á AGADER.

3. PROGRAMA XORNADAS E VISITAS NO PROGRAMA “RURAL EMPREGA”

A continuación detállanse as xornadas e visitas programadas no Programa para este 2013:

CALENDARIO DE VISITAS:

VISITA 1 HORTA LUGO NORTE: Data: 18 de febreiro de 2013

Entidades visitadas: FINCA “AS FADEGAS” (Horta ecolóxica nas Anzas – Ribadeo); SAT LABREGOS DE LUGO (produción de horta en Mondoñedo e outros)

VISITA 2 ELABORACIÓN DE BEBIDAS: Data: 21 de febreiro de 2013

Entidades visitadas: PEREGRINA, CERVEXA ARTESANA (Santiago de Compostela): AGUARDIENTES DE GALICIA (Produción de licores e augardentes en Vedra); RIBELA (Elaboración de sidra de mazás autóctonas en A Estrada)

VISITA 3 GALICIA CENTRO: Data: 7 de marzo de 2013

Entidades visitadas: CASA DE VILARULLO (Produtos ecolóxicos en Curtis); S.A.T. FUNGOCERGA (Cultivo produtos de horta e de froitos do bosque en Melide); COOPERATIVA MELISANTO (produción, distribución ou servizos en Melide)

VISITA 4 MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO: Data: 14 de marzo de 2013

Entidades a visitar: ALBERGUE ALVARELLA (Empresa de ecoturismo en Vilarmaior); DALDEA POUADOIRA (Casa de Turismo Rural con produción en Miño); ADEGA CASA BEADE (Viño da Terra de Betanzos en Paderne)

VISITA 5 ULLOA: Data: 21 de marzo de 2013

Entidades a visitar: COOPERATIVA MILHULLOA (Cultivo ecolóxico en Palas de Rei); ARQUEIXAL (Produción queixo, iogur e leite fresco ecolóxico en Palas de Rei); GALLETAS DAVEIGA (Produción de galletas mariñeiras en Chantada); CUSTOM DRINKS (Sidras ecolóxicas e tradicionais en Chantada)

VISITA 6 COOPERATIVISMO: Data: 4 de abril de 2013

Entidades a visitar: AGRÍCOLA A CURUXEIRA (Explotación ecolóxica familiar en Valdoviño); COOPERATIVA O VAL DE NARÓN (Produción e comercializ. horta- Narón); GRANXA O CANCELO (Produción leite e xeados en Miño)

Se informa aos asistentes que está previsto elaborar unha Guía cos proxectos visitados, dentro do Programa Rural Emprega.

CALENDARIO DE XORNADAS:

Xornada I: A A produción ecolóxica e retos para a súa comercialización nos circuitos curtos.

Data: 19 Febreiro 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións:

- D. Ernesto Sánchez Salgado. Consello Regulador Agricultura Ecolóxica de Galicia (Moderador).
- Dna. Isabel Chamorro López. Horta + Sá.
- D. Marcial Blanco Castelos. Representante Cooperativa Zocamiñoa.
- D. Alexandre Cendón. S.A.T. Abella Lupa.

Xornada 2: Transformados: produción e comercialización. Data: 25 Febreiro 2013/ **Lugar celebración:**

Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións:

- Dna. Cristina Fernández-Armesto. Casa Grande de Xanceda (Moderadora).
- D. Dario Conde Iriondo. Dama Alaricana.
- Dna. Concepción Casares Mozo. Casa Alongos.
- D. Roberto Álvarez González. Facenda O Agro.

Xornada 3: obradoiro: Cooperativismo e coworking. Data: 4 Marzo 2013 / **Lugar celebración:** Sede da

Fundación Juana de Vega

Intervencións:

- D. Jorge Fente Balsa. Cidadanía, S.C.G. (Moderador).
- D. Asier Epelde Piñeiro. Itaca, S.C.G.
- Representante Habitat Social, S.C.G.
- D. Juan Diego Pereiro. Wekco.

Xornada 4: Claves para emprender con éxito. Data: 11 Marzo 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións:

- D. Óscar Valcuende Rodríguez. Asociación Jóvenes Empresarios de A Coruña (Moderador).
- D. Antón Sáez Pérez. Adegas Abica.
- D. Antonio Muiños Insua. Portomuiños.
- D. José Manuel Iglesias Vilas. Galopín Parques.

Xornada 5: Emprego verde e economía sostible. Data: 18 Marzo 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- Representante Fundación Biodiversidade (Moderador).
- Xosé Ramón Rodríguez. Vida de Aldea.
- Dna Rita Alexandra Peña Montero. La Aldea Biomarket.
- Representante de EcoCelta.
- Representante Abonos Lourido.

Xornada 6. Emprendemento: Estudio de mercado, plan de marketing e deseño de produto. Data: 15 Abril 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- D. José Manuel Andrade Calvo. Fundación Juana de Vega.
- D José Ramón Porto Pedrido. Pe-Marketing.
- Representante Galinus Taller de Novos Medios

Xornada 7. O estado da ciencia e oportunidades para o emprendemento no sector agroalimentario I. Data: 22 Abril 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- Representante Oficina Española de Patentes e Marcas
- D. Roberto C. Alonso Ferro. Clúster Alimentario de Galicia.

Xornada 8. O estado da ciencia e oportunidades para o emprendemento no sector agroalimentario II. Data: 29 Abril 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- D. Juan Méndez Dónega. Aula Produtos Lácteos. Universidade Santiago Compostela.
- Dna. M^a Concepción Dacal Carballo. Plataforma Tecnolóxica Agroalimentaria de Galicia.

Xornada 9. Oportunidades para o financiamento e apoio a iniciativas emprendedores I (Borrador pendente de confirmación). Data: 6 Mayo 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- D. Guillermo Viña González. Igape Nova (Moderador).
- Dna. María Fernández. Business Angels Network Galicia (BANG)
- Representante Novagalicia Banco.

Xornada 10. Oportunidades para o financiamento e apoio a iniciativas emprendedoras II (Borrador pendente de confirmación). Data: 13 Maio 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- D. Eduardo Guillén Solórzano. Universidade da Coruña.
- Representante Triodos Bank.

Xornada 11. Oportunidades de emprendemento ligadas ao sector do mar. (Borrador pendente de confirmación). Data: 20 Maio 2013 / **Lugar celebración:** Sede da Fundación Juana de Vega

Intervencións propostas:

- D. Federico López Viñas. Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro (Moderador)
- Dna. María José Crespo Fraga. Confraría de pescadores e mariscadoras de Miño.
- D. Andrés García Boutoureira. Confraría de pescadores de Sada.
- D Técnico Bateas, acuicultura Lorbé

4. ACTIVIDADES PARA O ANO 2013 (II)

4.1. PROPOSTA PARTICIPACIÓN PROXECTO INTERREG SUDOE 2007-2013.

Dende AGADER, teñen convidado ao GDR Mariñas - Betanzos a participar na CUARTA CONVOCATORIA SUDOE. SUDOE é un PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL que a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia o financiamento de proxectos transnacionais do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE). A proposta presentada no ano 2012 non resultou aprobada.

O obxectivo principal deste proxecto é impulsar o desenvolvemento da chamada “economía verde” nos sectores agroalimentario e enerxético, especialmente con actividades en base a terra, en áreas en clásico de desenvolvemento sectorial, moitas veces centrado só nun único factor produtivo, impulsando novas e innovadoras formas de gobernanza territorial que superen la fragmentación estrutural, co obxecto de crear formas innovadoras de organizar traballo, capital e terra e todo elo aproveitando as posibilidades de análises, interacción e coordinación da combinación de tecnoloxías NTIC y xeo-espaciais.

Os principais resultados esperados deste proxecto serían o coñecemento das potencialidades produtivas dos territorios socios, un inventario de iniciativas innovadoras, a mellora de gobernanza territorial, a capacitación técnica e a implantación de iniciativas verdes en base á terra.

Esta iniciativa permitiría seguir avanzado no traballo que estase a facer dende "Mariñas - Betanzos" no relacionado cos recursos agro-forestales, nas melloras da gobernanza da terra; usos tradicionais da terra e xestión dos montes.... (Proxecto Nuevos Horizontes; Programa Agro-Emprega; Proxecto ASGAIA....).

Este proxecto ten unha duración de dous anos (do 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2014).

TÍTULO DO PROXECTO: “ Innovación y gobernanza para la valorización verde do territorio”

COSTE TOTAL: 1.480.295.-€

AXUDA FEDER SOLICITADA: 1.110.221,25.-€

ORZAMENTO ACCIÓNS MARIÑAS – BETANZOS: 122.315.-€

AXUDA FEDER: 91.736,25.-€

Mariñas – Betanzos tería que aportar a este proxecto en dous anos e medio 30.578,75 euros.

Nº SOCIOS PARTICIPANTES: 6 ESPAÑA / 1 FRANCIA / 3 PORTUGAL

ESPAÑA

1. Agencia Gallega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
2. Universidade de Santiago de Compostela Departamento de Enxeñería Agroforestal
3. Universidade de A Coruña. Facultade de Informática Grupo Arquitectura de Computadores.
4. Consellería de Medio Ambiente, Transporte e Infraestruturas. Xunta de Galicia. Dirección Xeral Sostenibilidade e Paisaxe Instituto de Estudos do Territorio.
5. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
6. Consejería de Agroganadería Recursos autóctonos. Principado de Asturias

PORTUGAL

7. Municipio de Mação
8. Direção-Geral de Agricultura e Desenvolvimento Rural
9. Instituto Politécnico de Viana do Castelo Escuela Superior Agraria.

FRANCIA

10. Federación Nacional de lãs Safer

Apróbese a participación no proxecto nos termos anteriormente mencionados.

A representante da Asociación Roxin Roxal, Dona Sabela Iglesias, manifesta que faría máis tempo para estudar esta proposta, pensa que falta información. Gustaríalle saber si detrás da participación da Universidade e outros axentes, están multinacionais que apoian investigacións fronte ás que están en contra, como os transxénicos, por exemplo.

4.2. PROPOSTA PARTICIPACIÓN PROXECTO INTERREG ARCO-ATLANTICO.

El Comité de las Regiones elaboró un Dictamen sobre los “Sistemas de Alimentos Locales” (DO C 104, de 2 de abril de 2011), identificando que éstos constituyen un apoyo a la economía regional y local, siendo de la mayor importancia en zonas desfavorecidas, pues constituyen un acicate para la valorización del potencial local y un factor de mejora de la imagen de territorios.

En el mismo Dictamen, se recoge que los canales cortos de distribución que forman parte de los Sistemas Alimentarios aumentan la interacción entre consumidores y productores, creando relaciones de confianza y la posibilidad de trazabilidad inmediata de los productos por parte de los consumidores, proporcionando a los territorios un nivel básico de soberanía alimentaria.

Además producen beneficios ambientales, gracias a unos sistemas de producción y distribución más sostenibles y comprometidos.

El presente proyecto propone la **implantación de Sistemas Alimentarios Locales** en distintos territorios de cinco Estados del Arco Atlántico con un marcado componente urbano-rural y en distintas realidades sociales, normativas y económicas, con los objetivos de identificar los aspectos clave en esos procesos, validar metodologías adaptadas a cada realidad regional, evaluar resultados y sacar conclusiones para su futuro desarrollo en la Unión Europea, orientado al periodo de programación 2014-2020.

Metodología

Un componente decisivo del éxito de los Sistemas Alimentarios Locales son las estructuras que se desarrollen para crearlos, mantenerlos y ampliarlos, existiendo distintos modelos de cooperación y colaboración a escala local y regional. El núcleo motor del proceso estará formado por un pequeño número de organizaciones, que adoptan un enfoque global, una metodología compartida y que consigan la implicación del resto de agentes interesados. Tan importante como el resultado de la planificación será el proceso es el propio proceso de la planificación, garantizando la suficiente atención al propio proceso, que servirá para reforzar las dinámicas de desarrollo a nivel local-regional.

Os socios deste proxecto son os seguintes axentes:

- Concello de Abegondo (xefe de filas)
- Concello de Oleiros
- Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”
- Grupo de Acción Costeira “Golfo Artabro”
- Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA)
- Universidade de Santiago de Compostela
- Consellería do Medio Rural e do Mar
- Cámara Municipal de Sesimbra (Lisboa – Portugal)

- ADREPES – Associação para o Desenvolvimento Rural da Península de Setúbal (Lisboa – Portugal)
- Direção-Geral de Agricultura e Desenvolvimento Rural (Lisboa – Portugal)
- Sligo LEADER Partnership co LTD (Irlanda)
- Rapid – Rural Area Partnership in Derry (Reino Unido)
- Northumberland coast and lowlands LEADER (Reino Unido)
- Monmouthshire Enterprise (Reino Unido)
- Devon County (Reino Unido)

Las **acciones a desarrollar en los territorios** y que forman parte del Diseño y puesta en marcha de un Sistema de Alimentos Locales serán:

1. Identificación de los agentes clave en cada territorio y sus necesidades: Productores, recolectores y sus organizaciones (agrícolas y en el mar); Transformadores; Centros y nodos de comercialización actuales; Consumidores y sus asociaciones (estilos de vida, etc.); Grandes consumidores y consumidores estratégicos; Empresas privadas del sector alimentario; Administraciones y entidades con competencias reguladoras (marco legislativo y su aplicación práctica por los órganos de la Administración pública, y el reconocimiento actual hacia las necesidades y limitaciones de las pequeñas explotaciones). Entidades locales. Ámbito educativo. Expertos (periodistas, consultores). Otros agentes (sindicatos agrarios, centros de formación y divulgación agraria, centros de investigación agraria y agroalimentaria, servicios de apoyo y asesoramiento, ONGs, restauración...).
2. Condicionantes y limitante en disponibilidad de tierra (especialmente en ámbitos urbanos y periurbanos), trabajo (trabajadores cualificados, e interesados en el trabajo en la agricultura-producción), capital (necesidade de inversión inicial, plan de negocio, fuentes financiación...)
3. Identificación de los productos locales y descripción de sus características.
4. Fomento del asociacionismo e identificación de las claves para la “buena gobernanza” local en el ámbito alimentario (emprendedores-productores-comercializadores-consumidores).
5. Incorporación de nuevos activos agrarios, identificación dificultades y elementos clave para el relevo generacional y la transferencia de explotaciones.
- 6. DISEÑO Y DIFUSIÓN DEL PLAN ALIMENTARIO LOCAL.**
7. Diseño y validación de estrategias específicas para el fomento del emprendedurismo en el sector agro-alimentario (incubadoras y viveros de empresas agroalimentarias).
8. Desarrollo de distintas estrategias para el fomento del consumo. Medición de resultados.
9. Identificación viabilidad de la creación de Marcas territoriales (escalas recomendables, impacto sobre el consumidor, viabilidad post-proyecto).
10. Creación de Grupos de trabajo a nivel territorial y conexión en red entre los distintos territorios y agentes asociados al proyecto.
11. Evaluación de resultados y recomendaciones a las entidades regionales para el fomento de los Sistemas Alimentarios Locales.

Los retos por afrontar en la puesta en marcha de Sistemas Alimentarios locales son diversos: acceso a tierras de cultivo y surgimiento de nuevas oportunidades de empleo; adaptación a la legislación para apoyar a los productores a pequeña escala orientados al mercado local; la difusión de los conocimientos; creación de nuevas estructuras; comprensión de los mecanismos que generan un mayor compromiso del consumidor con los productos locales; aumentar la base de conocimientos de los productores; mejorar la sensibilización de los consumidores; prestar apoyo profesional a los productores para el desarrollo de actividades de formación y creación de redes, así como para el estímulo y surgimiento de ideas innovadoras; estimular el intercambio de conocimientos y animar a los centros de investigación a participar activamente en el proceso y posterior funcionamiento de los Sistemas Alimentarios Locales; superar los “cuellos de botella” creados por la legislación; optimizar la logística y la cadena de distribución; armonizar las distintas políticas y normativas que afectan a la puesta en marcha de Sistemas Alimentarios Locales para conseguir un planteamiento coherente; promover la sostenibilidad de la producción y la distribución.

Otros datos y presupuesto.

Duración proyecto: 1,5 años. Terminar antes del 31 de marzo de 2015.

Costes por cada territorio participante: +/- 100.000 euros. El porcentaje de ayuda es del 65% de los costes elegibles.

La presentación del manifiesto de intenciones termina el 15 de marzo de 2013.



O representante do Concello de Oleiros, Don Rodrigo López, informa aos asistentes da proposta do Concello de Oleiros ao GDR “Mariñas – Betanzos” de ceder dúas naves en Iñás, para o viveiro de empresas. Estas naves se incorporarían como actuación neste proxecto, para desenvolver en caso de ser aprobada a proposta.

A Xunta Directiva acorda a participación nesta Candidatura, agradecendo ao Concello de Oleiros a dispoñibilidade destas dúas naves para o desenvolvemento do mesmo, no caso de ser aprobado.

4.4. PROPOSTA INSCRICIÓN ASOCIACIÓN COMO EXPLOTACIÓN AGRARIA E NO CRAEGA.

Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA).

O REAGA descríbese como un instrumento rexistral administrativo de información do sector agrogandeiro galego, para determinar os requisitos e cualificación das explotacións como prioritarias e establecer o modo de acreditación das restantes explotacións agrarias, así como o de crear unha sección específica para o Rexistro de Titularidade Compartida das Explotacións Agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Rexistro está organizado en tres seccións: Explotacións Agrarias prioritarias; Explotacións Agrarias de titularidade compartida e outras Explotacións Agrarias.

Solicítase autorización á Xunta Directiva para realizar os trámites oportunos para inscribir á Asociación “Mariñas – Betanzos” no rexistro de explotacións Agrarias de Galicia, na sección outras explotacións agrarias, autorizando á Presidencia e Vicepresidencia.

Deste xeito poderíase seguir traballando unha vez rematado o proxecto de cooperación “Nuevos Horizontes”, na mellora das variedades hortícolas locais, existindo liñas de axuda para iso.

A Xunta Directiva acorda realizar os trámites oportunos de solicitude de inscrición, autorizando así mesmo a sinatura da presidencia, vicepresidencia e secretaría se fose necesario.

Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. (CRAEGA)

A Agricultura ecolóxica defínese como un sistema de produción agrario que busca conseguir alimentos da máxima calidade, respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade do chan; todo elo mediante a utilización óptima dos recursos e sen o uso de produtos químicos de síntesis.

A principal diferenza con respecto á agricultura convencional non radica no tipo de produtos cultivados, senón na forma de obtelos. Como principais métodos empréganse a rotación dos cultivos, a incorporación de residuos das cosechas, a elaboración de compost, o fertilizado con esterco animal, o cultivo de leguminosas, as asociacións de cultivo, os fertilizantes verdes e o control de pragas por medios biolóxicos. Todo elo mediante o desenvolvemento de técnicas agrícolas que buscan promover relacións sostibles entre o suelo, as plantas, os animais, as persoas e a biosfera, co fin de producir alimentos sans e outros produtos que protexan e potencien á vez o medio ambiente.

A produción agraria ecolóxica ou biolóxica constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, que é conveniente regular asegurando a transferencia en tódalas fases, tanto da mesma produción como da elaboración e comercialización. CRAEGA é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia.

A Xunta Directiva acorda realizar os trámites oportunos, para inscribir á finca de prácticas da Asociación “Mariñas – Betanzos” no rexistro do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), para coñecer mellor os trámites, tempos e requisitos, e deste xeito poder informar mellor aos posibles emprendedores e explotacións interesadas na súa inscrición, ademais de continuar coa formación en produción ecolóxica, autorizando así mesmo a sinatura da presidencia, vicepresidencia e secretaría se fose necesario.

4.5. PROPOSTA INSCRICIÓN DA ASOCIACIÓN COMO AGRUPACIÓN EMPRESARIAL INNOVADORA.

Unha Agrupación Empresarial Innovadora defínise como a combinación nun espazo xeográfico ou sector industrial concreto de empresas, de unidades de investigación públicas ou privadas e de centros de transferencia de tecnoloxía e de formación, involucrados en procesos de intercambio colaborativo, dirixidos a obter ventaxas e/ou beneficios derivados da execución de proxectos conxuntos de carácter innovador. Estas Agrupacións están enfocadas a identificar contextos altamente competitivos nos que desenvolver esta medida, abordar os seus retos e solucións a través de plans estratéxicos e fomentar toda a colaboración posible entre as empresas en proxectos que aseguren a súa competitividade e favorezan a visibilidade internacional. Todo a través da innovación entendida no sentido amplo: tecnolóxica, organizativa, financeira, comercialización e de relacións.

Este rexistro constituíuse formalmente a finais do ano 2007 co obxecto de rexistrar Agrupacións Empresariais que demostraran de inicio unha excelencia na súa xestión de proxectos de innovación.

Para rexistrarse se require un Plan Estratéxico que sexa “calificado” como excelente que esixe, entre outros requisitos, un conxunto de socios empresariais e institucións de investigación e universidades, un Plan detallado de infraestruturas e proxectos a desenvolver, así como ratios obxectivos para o seguimento do nivel de éxito do plantexado. Con este instrumento, el Ministerio busca subvencionar proxectos con altas garantías de éxito, xa que as AEIs aportan unha garantía importante nese aspecto.

A aprobación favorable para inscribirse neste rexistro supón unha ventaxa á hora de obter axudas para proxectos en numerosas convocatorias do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, baseándose na demostrada capacidade da agrupación para desenvolver con éxito proxectos innovadores en colaboración.

A Xunta Directiva acorda realizar os trámites oportunos de solicitude, autorizando así mesmo a sinatura da presidencia, vicepresidencia e secretaría se fose necesario.

5. NOVIDADES DA ASOCIACIÓN

5.1. SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA MODIFICACIÓN DE DECRETO DE REGULACIÓN DAS ADEGAS DE VIÑO DA TERRA DE BETANZOS.

Con data 14 de febreiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos, solicitude asinada por 13 propietarios de adegas de viño do país de Betanzos, pedindo a colaboración do GDR para solicitar á Consellería de Presidencia a modificación do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos (ou adegas do viño do país) da Comunidade Autónoma de Galicia, (publicado no DOGA nº 126, do 13 de novembro de 2012).

Esta solicitude fundaméntase en que este Decreto inspirouse fundamentalmente na realidade doutros furanchos existentes noutras comarcas de Galicia, moi diferente á realidade do sector nesta comarca vitivinícola de Betanzos, sobre todo en canto volume de viño comercializado.

As adegas de viño do país desta zona contan cunhas especificidades comúns e co fin de facilitar a súa permanencia no tempo, polo que os viticultores que asinan dita petición propoñen nesta modificación, que para poder cumprir a normativa, os custes de instalación e dos locais foran mínimos. Poder usar outros locais como adegas de viño, e non so os exclusivamente ligados á vivenda e poder ampliar a apertura a máis de tres meses que son os previstos no Decreto, considerando que nesta zona é habitual a apertura escalonada e non simultánea das adegas do viño do país.

Dentro da memoria da Candidatura da Reserva da Biosfera, esta actuación sería totalmente valorable dentro do cumprimento do Plan de Acción da candidatura a Reserva da Biosfera, en base a ser una actividade que pode enmarcarse nun desenvolvemento rural sostible, e que persegue o mantemento do patrimonio cultural, o que tamén podería ser considerado como medida de promoción turística.

A Xunta Directiva acorda que dende o GDR Mariñas – Betanzos, se envíe unha carta a Turismo, informando do anteriormente exposto.

5.2. NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DESFAVORABLE: SUBVENCIONS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS POLAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL (TR352A 2012/209-0)

Con data 11 de febreiro de 2013, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos unha resolución desfavorable dictada pola Directora Xeral de Emprego e Formación referido a este expediente.

Ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva supeditado, ademais, á existencia de crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias, esta solicitude non chegou á puntuación necesaria para ser beneficiaria de subvención, acadando un total de 26 puntos, sendo a puntuación máxima de 75 puntos, segundo o baremo reflectido no artigo 8 da orde.

A Xunta Directiva en reunión celebrada o día 9 de abril de 2012, acordou presentar unha proposta consistente en artellar unha “Incubadora rural de ideas empresariais” para a xeración de oportunidades de emprendemento e emprego sostible no territorio de “Mariñas – Betanzos”.

A idea era formar un Equipo Técnico multidisciplinar, relacionado cos recursos con potencial de creación de emprego no medio rural, que identificarían oportunidades centradas nos recursos locais, difundirían estas oportunidades de emprendemento, e prestarían apoio a desempregados e emprendedores rurais, interesados en poñer en marcha proxectos empresariais xeradores de emprego rural e ligados ao aproveitamento sostible dos recursos.

5.3. SOLICITUDE PRESENTADA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2013: CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE NO TERRITORIO DA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

Con data 21 de febreiro de 2013, tense presentado de forma telemática unha solicitude na Deputación Provincial da Coruña, dentro da Convocatoria de Programas dirixidos a entidades para a actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013.

Obxecto: “Caracterización da paisaxe no territorio da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

Orzamento: 6.700€ / Importe solicitado: 4.690€

O obxectivo deste proxecto sería desenvolver un estudio a través da contratación dunha asistencia técnica, de identificación e caracterización da paisaxe, co obxecto de poñer en valor a paisaxe do territorio abarcado pola futura Reserva da Biosfera. Para tal fin propónse unha estratexia estrutura en tres fases, co fin de elaborar un estudio o máis amplo posible:

- 1ª. Identificación e caracterización da paisaxe.
- 2ª. Avaliación da paisaxe.
- 3ª. Definición de obxectivos de calidade paisaxística.

6. XORNADAS

6.1. Comercialización en circuítos curtos.

Co obxecto de facilitar o contacto entre os produtores locais e o sector turístico – Refuxios do Mandeo” celebrárase esta xornada no Restaurante Vega de Betanzos o día 11 de marzo de 2013, para mellorar a comercialización en circuítos curtos das producións.

Nesta xornada daranse a coñecer as principais producións do mar e agroalimentarias locais, así como fomentar a súa comercialización a través dos establecementos turísticos do territorio (restauración e aloxamentos), que están amparados pola marca “Refuxios do Mandeo”.

Este evento conta co apoio e colaboración do GAC Golfo Ártabro e da Asociación de Empresas Turísticas “Refuxios do Mandeo”.

Os membros da Xunta Directiva, opinan que este tipo de xornadas tamén podería ser interesante enfocala ao público en xeral, dicíndolle onde poder comprar o produto que ofertan.

7.-ROGOS E PREGUNTAS.

7.1 DESISTENCIA PROVISIONAL DO PROXECTO “L10-41300-29-0040 CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE).

Con data 11 de marzo de 2013, Dna Maria Josefa Faraldo García en representación de “REFUXIO DE PADERNE S.L.” e respecto do proxecto “L10-41300-29-0040 CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE)” solicita unha desistencia provisional do proxecto ata que a Asociación Mariñas-Betanzos dispoña dos fondos totais da resolución de concesión de axuda efectuada o 04 de maio de 2012 e que ascenden a 200.000.-€.

Deste xeito libéranse 87.827,19.-€ para que sexan utilizados por outros proxectos do Programa Leader 2007-2013.

A Asociación Mariñas-Betanzos conta con proxectos co ICE favorable emitido por Agader e que se detallan a continuación, na seguinte orde, según instrución de Agader nº 1/2012:.

- L11-41300-29-0114 MELLORAS EN INDUSTRIA DE PANADERÍA: 17.632.-€. Data de recepción da verificación do ICE: 23 de xullo de 2012.
- L11-41300-29-0112 CREACIÓN EMPRESA COMERCIALIZADORA AO POR MAIOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA/GANDEIRA: 106.552,16.-€. Data de recepción de verificación do ICE: 01 de agosto de 2012.
- L11-41300-29-0094 FABRICACIÓN ESTRUCTURAS METÁLICAS CON EIXO ROTACIONAL PARA GRANDES PANEIS SOLARES OU PUBLICITARIOS: 83.271,45.-€. Data de recepción da verificación do ICE: 11 de marzo de 2013.

A Xunta Directiva acorda que se envíe a AGADER a desistencia provisional presentada pola entidade promotora e que se activen os proxectos co ICE favorable.

7.2. FABRICACIÓN ESTRUCTURAS METÁLICAS CON EIXO ROTACIONAL PARA GRANDES PANEIS SOLARES OU PUBLICITARIOS L11-41300-29-0094

Con data 22 de marzo de 2011, Desenvollos Mecánicos Coirós S.L.U. solicitou unha axuda para o proxecto “L11-41300-29-0094 Fabricación estruturas metálicas con eixo rotacional para grandes paneis solares ou publicitarios.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade de recente creación “Desenvollos Mecánicos Coirós S.L.U.” que se vai ubicar no Concello de Coirós. Un dos socios é enxeñeiro industrial e coñecedor destas estruturas metálicas.

O proxecto consiste na creación dunha empresa que se vai adicar á fabricación de estruturas verticais de aceiro reforzado, que aloxan no seu interior un sistema xiratorio que permite eliminar a

resistencia ao vento e que garante unha gran estabilidade para a súa instalación en centros comerciais, parques públicos, urbanizacións privadas, etc., cun importante aforro en custos de estrutura.

Este sistema interior, caracterízase por incluír un carril circular de rodaxe que presenta unha configuración que se atopa adherida a unha estrutura vertical de aceiro, actuando como piar vertical e de sostén dunha estrutura móbil, conferíndolle un sistema de movemento circular sobre rodamentos de altas prestacións.

Os investimentos consisten na execución da obra civil da nave, maquinaria, mobiliario e equipamento informático. A sociedade adquire o compromiso de creación de emprego equivalente a un traballador por conta allea.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 245.835,28-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de PEMES

Con data 11 de marzo de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 63 puntos, correspondéndolle un 41,5 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 83.271,45.-€ .

A Xunta Directiva aproba esta proposta, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

7.3 INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE FAVORABLE EXP “2-43100-29-B206 XORNADAS TÉCNICAS E SEMINARIOS SOBRE DESENVOLVEMENTO RURAL E ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN”.

Con data 29 de xaneiro recíbese de Agader o ICE favorable do expediente “L12-43100-29- B206 Xornadas técnicas e seminarios sobre desenvolvemento rural e accións de divulgación e difusión”promovido pola Asociación Mariñas-Betanzos e aprobado na reunión da Xunta Directiva do día 12 de novembro de 2012.

A Xunta Directiva autoriza a emisión da resolución de concesión de axuda por parte de Agader.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Sada, a 11 de marzo de 2013

O Secretario accidental
Asdo.: Rodrigo López Piquín

Vº e prace Vicepresidencia
Asdo.: D. Cesar Longo Queijo